

BASES DO CONCURSO DE DISFRACES DO ENTROIDO 2020 DE VIANA DO BOLO

Con motivo da celebración do Entroido 2020, o Concello de Viana do Bolo convoca UN CONCURSO DE DISFRACES PARA ADULTOS conforme as seguintes

BASES

1. Poderán participar todas as persoas que así o desexen maiores de 15 anos.
2. O tema dos disfraces será libre.
3. O xurado valorará a orixinalidade, o bo gusto, traballo e coreografía que aporten os concursantes na súa presentación.
4. As modalidades serán por individual/parella ou en grupo (con máis de tres participantes).
5. Establécense as seguintes modalidades de premios:

A) Individual ou parella

- 1º premio: 150 €
- 2º premio: 100 €
- 3º premio: 50 €

B) Grupo

- 1º premio: 250 €
- 2º premio: 200 €
- 3º premio: 150 €

Para a retirada dos premios deberá achegarse ineludiblemente a fotocopia do DNI do gañador/a/es/as e certificado da conta bancaria. Todos os premios levan incluídos os impostos pertinentes conforme a lexislación vixente.

6. A inscrición realizarase nas oficinas do concello sito na Rúa Constitución nº 14 de Viana do Bolo en horario de atención ao público de 09:00 a 14:00 horas e ata o día 25 de febreiro de 2020 ou ante a organización do evento ata o momento antes ao desfile.
7. O concurso oficial celebrarase o martes día 25 de febreiro de 2020 ás 00:30 horas na Praza Maior.
8. O xurado estará composto de un representante da Administración Local, un representante dunha asociación cultural do Concello e un representante persoal do Concello.
9. O Xurado poderá deixar deserto aqueles premios que non alcancen un nivel de calidade suficiente e o seu fallo será inapelable.
10. A presentación ao concurso de disfraces supón a aceptación das súas bases.